

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión universitaria e estudantes de 30 de outubro de 2025.

Visto o acordo do 30 de outubro de 2025 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida na Normativa de recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo pola participación estudantil en actividades universitarias (aprobado no consello de goberno do 28 de outubro de 2025), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

- 1.- Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas con carácter docente, (Anexo).
2. Autorizar o recoñecemento de créditos para a actividade académica denominada “Obradoiros para a Prevención das Violencias por Diversidade na Universidade de Vigo”, consta dunha serie de obradoiros que en conxunto supoñen a realización de 35 horas de formación (Anexo).
- 3.- Autorizar a modificación do programa do curso “VI Falemos de ciencia en igualdade” aprobado na Comisión de 25 de febreiro de 2025 (Anexo).

De acordo co artigo 4 da normativa citada: “O estudantado da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos de carácter xeral pola súa participación en actividades universitarias ata un máximo equivalente ao 10 % do total de créditos do plan de estudos da titulación que estea a cursar. O mínimo de créditos recoñecibles polo conxunto destas actividades será de 6 ECTS, sen prexuízo dos límites máximos establecidos nos puntos anteriores”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



ANEXO

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos reconocidos	Datas realización
Ciclo de Literatura infantil e xuvenil 2025. Do cantar ao contar: a tradición oral na sociedade multicultural	720211	Facultade de Educación e Traballo social/ Didácticas Especiais	Carla María Míguez Álvarez	15	0,6	Do 02/11/2025 ao 23/11/2025
Seminario Conxunto Universidade do Sarre- Universidade de Vigo	720212	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo-Economía financeira e contabilidade	Elena Rapoport Strizhevskaa	45	1,8	Do 06/10/2025 ao 10/10/2025
Aula de teatro do campus de Pontevedra	720213	Vicerreitoría do campus de Pontevedra	Obradoiro campus Pontevedra	40	1,6	Do 08/10/2025 ao 01/12/2025
Iniciación ao Baile Tradicional Galego “Como bailar nun serán””	720216	Vicerreitoría do campus de Pontevedra	Obradoiro campus Pontevedra	90	3,6	Do 02/10/2025 ao 11/06/2026
Intervención socioeducativa para persoas con alzhéimer	720135	Facultade de Educación e Traballo social (Convenio con AFAOR Ourense)	María Dolores Dapia Conde	60	2,4	Do 30/01/2026 ao 10/04/2026
II Xornadas Formación para innovación. O emprendemento do alumnado universitario	720215	Escola Superior de Enxeñería Informática	María Montserrat Cruz González	40	1	Do 05/11/2025 ao 15/12/2025



Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos recoñecidos	Datas realización
Os límites ao poder financeiro dos Estados	720214	Facultade de Ciencias Xurídicas	Jaime Aneiros Pereira	20	0.8	Do 27/10/2025 ao 17/11/2025

Actividade académica ciclo “Obradoiros para a Prevención das Violencias por Diversidade na Universidade de Vigo”

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Horas	Créditos recoñecidos
Repensando a diversidade: ferramentas para unha educación inclusiva	Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo	Raquel Rey Vilas	Do 21/10/2025 ao 24/02/2026	35 (resultado da suma de todas as xornadas/ponencias)	En función da duración de cada xornada/ponencia

No marco do plan da Actividade académica terá lugar un ciclo de “Obradoiros para a Prevención das violencias por diversidade na Universidade de Vigo”. Esta programación supón unha aposta pola educación en valores, pola xustiza social e pola convivencia inclusiva, incorporando enfoques restaurativos, participativos e vivenciais que permiten comprender a diversidade como un valor colectivo e transformador. O obxectivo é promover unha convivencia libre de discriminacións, baseada na empatía, o respecto e o coidado mutuo. Está dirixido a toda a comunidade universitaria, e terá lugar no curso 25-26. Están programados os obradoiros que se relacionan:

Título Obradoiro	Horas	Relatores
Diversidades e convivencia: un mosaico de diálogo e respecto	3	Cooperativa Xeracción Ourense
A realidade de non ver: movéndonos e comprendendo o espazo	3	CRE-ONCE Pontevedra
Chemsex: un uso sexualizado das drogas	3	Asociación Apoio Positivo
Vínculos afectivos	2	Centro Quérote+Ourense, Xunta de Galicia
Sensibilización contra as violencias de xénero	3	Felisindo Estévez García
Convivencia e diversidades	3	Felisindo Estévez García
Educación e Intelixencia emocional	3	Felisindo Estévez García

CSV : GEN-1fb5-389c-ec5c-690b-169e-29d1-e45a-d756

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 03/11/2025 14:08



Título Obradoiro	Horas	Relatores
Aproximación ao acoso por diversidade no ámbito universitario	3	Felisindo Estévez García
Axentes e roles no acoso escolar	3	Felisindo Estévez García
Vítimas de acoso escolar	3	Felisindo Estévez García
Educación en valores: Reparación do dano causado	3	Felisindo Estévez García
Educación en valores: Conclusións persoais e avaliación	3	Felisindo Estévez García

Modificación do programa do curso “VI Falemos de ciencia en igualdade” (720047) aprobado na Comisión de 25/02/2025

Programa aprobado na Comisión de 25/02/2025	Programa modificado aprobado na Comisión de 28/10/2025
Título: Falemos de ciencia: por unha Wikipedia científica e galega Relatores: Presentación a cargo de autoridades invitadas	Título: Falemos de ciencia: por unha Wikipedia científica e galega Relatores: Presentación a cargo de autoridades invitadas
Título: A muller na Wikipedia Relatora: Montserrat Boix	Título: Mulleres comunicando ciencia: A situación da comunicación e a divulgación científica dende a perspectiva de xénero. Relatora: Emma Torres Romay
Título: A Wikipedia e a Wikiesfera Relatora: Patricia Horrillo	Título: A visibilidade das mulleres STEM en Wikipedia Relatora: Isabel Zapico Gómez
Título: Monólogo Relatora: Eva Cabanelas	Título: Wiki Editoras Lx Coñecemento libre e equidade Relatora: Maite Sobrino González
Título: Presentación proxecto “ Por unha wikipedia científica e galega” Relator: Lucas V. Besteiro	Título: Presentación proxecto “ Máis científicas galegas na Wikipedia, liderado polo CINBIO” Relator: Lucas V. Besteiro
Título: Mesa redonda de libre participación do proxecto “Por unha wikipedia científica e galega” Relatoras: participantes do proxecto	Título: Primeiras recomendacións para editar na Wikipedia Relatoras: Isabel Zapico e Sabela Cebro
Título: Obradoiro práctico para a edición en Wikipedia Relatora: María Sefidari Huici	Aperitivo-networking

CSV : GEN-1fb5-389c-ec5c-690b-169e-29d1-e45a-d756

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 03/11/2025 14:08

